

Unha nova colección de aventuras vén de irrupir no panorama literario galego. Con dous títulos, Tintimán, pseudónimo de Uxío Lobo, acaba de chegar para instalarse entre os mozos aos que lles atrae o risco, a historia e as fortes emocións. O seu autor Jaureguizar, xa coñecido por libros como *Todo a cen*, *Freedom spik*, *Salitre*, *Casa Skylab*, *Cabaret Voltaire* ou *Plastilina nos pulmóns*, volta á novela para mozos con *Corazón de chocolate*, un dos primeiros volumes que publica nesta nova colección e na que dalgún modo rende homenaxe á revista viguesa dos anos 80, *Tintimán*.

A morte de Norberto Lobo, afamado xornalista do *Diario Galego*, facilitálle ao seu fillo a entrada no mundo do xornalismo, o de investigación, o do risco que é o que lle

Fantasmía e Historia

Unha boa fórmula

MARÍA NAVARRO



gusta ao intrépido mozo de dezaseis anos, amante da aventura e do coñecemento, pero pouco amigo das clases. A súa reportaxe sobre o Labirinto do Obradoiro e a existencia da Irmandade Xelmírez, unha seita perversa que remonta as súas orixes á Idade Media son motivos abondos que manteñen expectantes non só ás autoridades eclesiásticas da época, senón tamén a don Anxo, director do Diario, e a Anselmo, marido da súa nai.

Nin que dicir ten que dous medios líos amorosos con Mónica, compañeira de clase, e con Maika, fotógrafa da redacción, adoza

agobian a vida de Tintimán que se move entre o descaro dun rapaz en plena adolescencia e as respostas politicamente correctas que lles debe ás mulleres, neste caso máis maduras e expertas ca el nas artes amatorias.

Da mesma forma que neste volume é Santiago de Compostela a cidade marco que alberga as pescudas do protagonista, outras urbes galegas como A Coruña, Lugo, Ferrol, Pontevedra ou Vigo serán visitadas por Tintimán para desvelar os misterios que se agochan nas súas construcións, nas súas rúas centenarias ou mesmo nos recunchos máis insospeitados. É que a mestura de ficción e fantasía coa historia semella ser unha boa fórmula para atraer e encantar o lector de hoxe en día que busca entre liñas coñecer os recantos caprichosos do destino, descubrir claves do funcionamento de comunidades ancestrais, atopar explicacións a feitos pasados ou marabillarse cos submundos que se perpetúan baixos os nosos pés. Eles dirán!

JAUREGUIZAR, Corazón de chocolate, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP 12 €